

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 20.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 33626 (10/POC-005269)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesqueira da sardiña para a frota do xeito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 1.2 33660 (10/POC-005273)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis
Sobre o peche da pesqueira da sardiña para a arte do xeito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 15469 (10/PNC-001341)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia de defensa da posición de Galicia ante o marco decisorio europeo para adaptar a normativa de medidas técnicas para o sector pesqueiro ás necesidades galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 2.2 27594 (10/PNC-002137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de viabilidade para a frota do cerco no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018
- 2.3 28954 (10/PNC-002292)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o inicio das obras do Plan de rexeneración da ría do Burgo e a recuperación dos bancos marisqueiros, así como a súa dragaxe e todas as actuacións necesarias para o seu saneamento integral

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.4

29004 (10/PNC-002296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a recuperación polo Goberno galego das pólizas de seguros de accidentes no mar, así como a do mal tempo e os niveis que tiña no ano 2017 o programa 723 A, "Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura", e a realización das xestións necesarias para garantir o correcto funcionamento e a completa gratuidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.5

33172 (10/PNC-002713)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos que debe cumprir a botica de primeiros auxilios obrigatoria exixida na actualidade nas embarcacións da frota de baixura e a certificación anual da súa idoneidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018

2.6

34153 (10/PNC-002779)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a actuación da Xunta de Galicia destinada a iniciar unha campaña de información sobre os métodos de eliminación do parasito anisakis, tanto nas lonxas e puntos de venda como a través de elementos especiais na corporación pública, co obxectivo de eliminar os prexuízos que as alarmas inxustificadas producen ao sector

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

2.7

34214 (10/PNC-002783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o impulso do Goberno galego para elaborar un plan de choque, antes de que remate o ano 2018, que determine as accións que hai que levar a cabo para evitar a caída de poboación ocupada no sector da pesca galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33626(10/POC-005269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesqueira da sardiña para a frota do xeito

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas á tomar diante do peche da pesquería da sardiña para a flota do xeito.

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación ven de publicar unha resolución pola que establece o peche da pesquería da sardiña en augas ibéricas de zonas cien VIIIc e IXa, a partir do 13 de xullo de 20018.

Esta medida ten unha grave repercusión para unha arte tradicional que ten unha pequena incidencia sobre os bancos de sardiñas. Unha actividade profesional pesqueira en Galiza que leva a cabo un sector estratéxico tanto pola súa dimensión social como polo seu peso económico en moitas vilas costeiras polos ingresos que xera nas mesmas.

Aféctalle esta medida a pequenas embarcacións xeiteiras que teñen no seu permex esta arte e que no conxunto do país son unhas 427 ás que hai que sumar unha ducia de racús. Están localizadas principalmente en portos das rias baixas: Rianxo, Cambados, Illa de Arousa, Redondela.

O Xeito é unha arte de enmalle moi selectiva, no que o 85% das capturas corresponden á sardiña. É unha arte artesanal e sustentábel, que debe quedar fora de Tacs e cotas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2018 11:35
Nº Rexistro: 33626
Data envío: 19/07/2018 11:35:52.103

A Xunta de Galiza debe exercer as competencias exclusivas sobre a pesca nas rías e demais augas interiores que establece o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía e regular sen inxerencias a pesca artesanal como é o caso do xeito.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Que actuacións está realizando á Xunta de Galiza para que a flota artesanal do xeito poida seguir pescando sardiña?

Vaile reclamar ao Goberno español a exclusión da arte do xeito e do racú da prohibición de poder pescar sardiña?

Por que non ten esixido xa a exclusión como lle ten esixido o sector e o BNG en numerosas ocasións?

Se Galiza ten competencias exclusivas en augas interiores, por que permite que o Goberno de Madrid peche a pesquería?

Vai exercer as competencias exclusivas contempladas no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía sobre “a pesca nas rías e demais augas interiores” e polo tanto excluír á pesca artesanal, e dentro dela á do xeito, de Tacs e cotas impostas desde a Unión Europea e o Goberno de Madrid?

De persistir a prohibición de pescar sardiña para a flota do xeito e racú, vai establecer liñas de axudas, para garantir o mantemento de rendas, especialmente para os mariñeiros que non teñen ningunha outra alternativa, mais tamén para evitar a sobreexplotación doutros recursos pesqueiros?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2018 11:35
Nº Rexistro: 33626
Data envío: 19/07/2018 11:35:52.103

Tense a Xunta de Galiza reunido co sector para buscar unha solución a esta problemática?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/07/2018 11:13:41

Ana Pontón Mondelo na data 19/07/2018 11:13:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/07/2018 11:13:49

Olalla Rodil Fernández na data 19/07/2018 11:13:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2018 11:35
Nº Rexistro: 33626

Data envío: 19/07/2018 11:35:52.103

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2018 11:13:53

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2018 11:13:55

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33660(10/POC-005273)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre o peche da pesqueira da sardiña para a arte do xeito

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

O pasado 11 de xullo o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, por medio dunha resolución asinada polo director xeral de pesca e acuicultura, resolvía o peche da pesquería da sardiña para o arte do Xeito.

Este resolución non é comprensible dende ningún punto de vista, dado que polos datos que se teñen de descargas de sardiña por parte do sector do xeito, a día de hoxe aínda restan preto de Tn dispoñibles sobre o total anual.

A comisión do Xeito que xestiona o reparto que figura no plan da sardiña Ibérica tiña establecido uns repartos mensuais por tripulante e buque para facilitar a auto xestión, pero en ningún caso a resolución atendeu este reparto nin as posibilidades de transvase entre meses que figuran no mesmo.

O Xeito é un arte tradicional, absolutamente respetuoso co medio e que apenas ten pegada sobre o stock da sardiña como pode comprobarse no irrisorio porcentaxe de capturas desta arte sobre o total da sardiña ibérica, polo que a xestión do consumo deste arte apenas afecta ao conxunto e resto de froas. En Galicia son preto de 150 embarcacións despachadas para esta arte e con preto de 500 tripulantes e familias afectadas, en moitos casos o peche da pesquería supón a imposibilidade de ingresos, xa que non existe en moitos casos alternativas, como na ría de Vigo onde as embarcacións do xeito que non poden faenar polo peche tampouco o poden facer no marisqueo pola presenza de toxina na ría.



O groso da frota xeiteira está concentrado nas rías de Arousa e Vigo, e o peche supón un duro golpe para o sector pero tamén para a nos hostalaría e Turismo xa que é un dos reclamos da gastronomía da zona, que hoxe estase a subministrar con sardiña do Mediterráneo cando os nosos pescadores non a poden pescar a pesar da constatación a existencia e salubridade dos bancos de sardiña das nosas rías.

O peche no mes de xullo é incomprensible tamén no económico e no medioambiental, este mes a xouba e a sardiña acadan bos prezos e son subministradas en fresco e para as empresas da conserva especializadas en este produto, empresas que non mercaran este produto nos vindeiros meses xa que o tamaño xa non será adecuado para a industria conserveira

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que opinión ten a Xunta da situación que está a vivir o sector do Xeito, derivada do peche da pesquería e a decisión da Xunta de non exercer as súas competencias?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/07/2018 14:22:22

Carmen Santos Queiruga na data 20/07/2018 14:22:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33660
Data envío: 20/07/2018 14:24:28.115

Julia Torregrosa Sañudo na data 20/07/2018 14:22:31

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 15469(10/PNC-001341)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia de defensa da posición de Galicia ante o marco decisorio europeo para adaptar a normativa de medidas técnicas para o sector pesqueiro ás necesidades galegas

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15469
Data envío: 05/09/2017 16:26:59.593

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8^a Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

Os ministros de pesca dos países da UE aprobaron o pasado 12 de maio un novo documento co obxectivo de defender unhas medidas técnicas máis simples para o sector pesqueiro, ou o que é o mesmo, reducir as normas sobre a conservación dos recursos e a protección dos ecosistemas mariños.

A pesar de que este documento aínda ten que pasar polo Parlamento Europeo e as negociacións dos trílogos entre Comisión, Consello e Parlamento Europeo, o certo é que se sentan unhas bases comúns tras a división que sobre este tema se producía nun primeiro momento no conxunto dos Estados Membro.

Para o Partido Popular de Galicia, este regulamento de Medidas Técnicas ten moitas cuestións mellorables, xa que nese afán de simplificación que ten a Unión Europea uniformízanse cousas que son diferentes e consideramos que debería ir máis en consonancia coa actividade que practica cada frota en cada caladoiro.

Por exemplo, a idea da UE de esixir unha mesma medida de malla para todo o Atlántico Nordeste non ten sentido xa que non é o mesmo a pesquería que se realiza no Cantábrico que a que se leva a cabo no Gran Sol ou no Mar do Norte.

O certo é que esta nova proposta se axusta máis á realidade actual e dá máis coherencia ao sistema vixente e resulta máis favorable aos intereses da flota galega.

Este grupo parlamentario sempre estivo comprometido con este asunto que busca mellorar as capacidades de traballo dos profesionais do mar e queremos que a así continúe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15469
Data envío: 05/09/2017 16:26:59.593

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha estratexia de defensa da postura de Galicia, manifestada polo Consello Galego de Pesca, diante do marco decisorio europeo para adecuar ás nosas necesidades a normativa de medidas técnicas aplicables á pesca”.

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 16:23:44

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 16:23:57

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 16:24:10

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 16:24:20

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 16:24:34

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 16:24:43

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 16:24:55

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 16:25:22

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 16:25:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 27594(10/PNC-002137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de viabilidade para a frota do cerco no ano 2018

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á posta en marcha dun plan de viabilidade para a flota do cerco para o ano 2018, con medidas que permitan unha xestión normal e faga viable a flota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A flota do cerco vai ter un ano moi complicado despois do reparto realizado en Bruxelas e aplaudido polo Ministerio e os responsables do Goberno galego, levando a cabo unha rebaixa do xurelo na IXa do 24%, o que supón unha caída de 14.373 toneladas, implicando que a flota do cerco vai poder pescar un 20,2% menos co que pescou no ano 2017.

Unha enorme redución da principal especie estratéxica para o noso cerco. Hai que lembrar que na zona VIIIc, xa tínhamos una cota de xurelo insuficiente, situación que se emendou pero que non se deu compensado coa subida do 21%. Nunha especie onde todos estábamos convencidos de que estaba en valores de RMS.

Unha zona a atlántica, IXa, na que contamos cunha ridícula cota de bocarte o que fai totalmente dependente a esta flota dunha especie sen regular, o xarda pintada ou “cabalón”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:31
Nº Rexistro: 27594
Data envío: 08/03/2018 17:31:32.417

A situación da xarda, cunha redución do 20%, tamén é preocupante o que aboca a este segmento da flota a unha situación insostíbel. Lembremos que do cupo outorgado de 30.700 toneladas ó Estado español vese reducido polas multas de sobrepesca do 2009/2010 a diminuír o seu dereito de cota en 5.544 toneladas, seguindo a pagar de forma lineal tanto quen realizou sobrepesca como quen realizou una pesqueira con medidas de control tanto nas cotas diarias, como nos días de actividade.

A todo este drama hai que engadirlle o peche da pesqueira da sardiña das augas ibéricas, a redución da cota e as diversas medidas implementadas para xestionar este recurso nas divisións CIEM VIIIc e IXa, sen que existan medidas paliativas, como as levadas a cabo para a flota lusa ou andaluza.

A situación é que verán reducidas de forma moi significativa as posibilidades de pesca desta flota, sen que encontremos no horizonte compromisos para buscar alternativas.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar un plan de viabilidade da flota do cerco para o ano 2018, con medidas como:

- Recuperar as cotas sobrantes do ano anterior.
- Intercambio de cotas con outros países, estamentos da flota ou asociación.
- Unificación das dúas zonas e da cota galega para un mellor reparto.
- Medidas subvencionadas de paro biolóxico.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:31
Nº Rexistro: 27594
Data envío: 08/03/2018 17:31:32.417

- Recuperación do dereito a pescar bocarte na zona atlántica.

- Modificar o actual modelo de reparto en función dos supostos dereitos históricos, defendendo un novo modelo de reparto proporcional ao número de tripulantes e que poña en valor as medidas de xestión e redución da actividade pesqueira.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 17:30:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 17:30:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:31
Nº Rexistro: 27594
Data envío: 08/03/2018 17:31:32.417

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 17:30:40

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 17:30:41

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 17:30:43

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 17:30:51

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 28954(10/PNC-002292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o inicio das obras do Plan de rexeneración da ría do Burgo e a recuperación dos bancos marisqueiros, así como a súa dragaxe e todas as actuacións necesarias para o seu saneamento integral

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo e a Confraría de Pescadores da Coruña levan anos reclamando unha solución para a Ría, constatándose coa recente presentación polo Goberno Central dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, de que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para á Rexeneración medioambiental e da Recuperación dos bancos marisqueiros da Ría do Burgo.

A Declaración de Impacto Ambiental foi aprobada hai xa máis de sete meses e seguimos sen saber as razóns do retraso na publicación do Proxecto definitivo de Dragado e do inicio das obras. Así mesmo, xa van alá moitos anos da aprobación do Informe pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo (despois da visita realizada no 2013 por unha Delegación deste mesmo Parlamento) que demandaba do Estado español realizar un Plano Integral de Rexeneración e Recuperación da Ría do Burgo.

Resulta extraordinariamente grave esta situación, chegando mesmo a ser insultante, se lle sumamos o feito de que inclúen partidas de cuantías insignificantes respecto do orzamento necesario dacordo ao Proxecto de Dragado que estivo no seu día



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28954
Data envío: 06/04/2018 14:07:03.724

en exposición pública, ou, no seu caso, seguen incluíndo partidas que nunca se chegan a executar, prolongando no tempo unha solución real.

Cada día e ano que pasa as principais e primeiras vítimas da contaminación na Ría do Burgo, os colectivos de mariscadores e mariscadoras, están máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da Ría. Esiximos actuacións inmediatas do Estado e da Xunta no camiño de restabelecer os Convenios existentes até hai uns anos coas Agrupacións de mariscadores e mariscadoras para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

A Plataforma en Defensa da Ría do Burgo e os veciños/as da comarca da Coruña levan anos reivindicando solucións ante o grave deterioro da Ría e as consecuencias negativas que ten no medio ambiente, na economía e no marisqueo.

Precisamente por iso, atender as necesidades da Ría do Burgo implica non só unha inaprazable necesidade medioambiental, senón tamén unha aposta pola economía produtiva, polo potencial da ría como motor da reactivación económica da comarca e pola súa capacidade xeradora de emprego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

-Reclamarlle ao Goberno do Estado que inclúa nos Orzamentos Xerais do Estado do 2018 as partidas económicas e o calendario de actuacións, que fixando prazos reais -a través do BOE e o DOG- faga inmediato o inicio das Obras do Plano de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28954
Data envío: 06/04/2018 14:07:03.724

Rexeneración da Ría e Recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións necesarias para o seu saneamento integral.

-Que consigne as dotacións económicas necesarias que permitan o restablecemento dos Convenios coas Agrupacións de mariscadores e mariscadoras para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/04/2018 14:06:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28954
Data envío: 06/04/2018 14:07:03.724

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2018 14:06:12

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2018 14:06:15

Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2018 14:06:17

Xosé Luis Bará Torres na data 06/04/2018 14:06:18

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2018 14:06:23

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 29004(10/PNC-002296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a recuperación polo Goberno galego das pólizas de seguros de accidentes no mar, así como a do mal tempo e os niveis que tiña no ano 2017 o programa 723 A, "Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura", e a realización das xestións necesarias para garantir o correcto funcionamento e a completa gratuidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:35
Nº Rexistro: 29004
Data envío: 09/04/2018 11:35:05.314



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

De todos é sabido da importancia do sector pesqueiro para a economía do noso país, un sector xerador de emprego e de actividade económica.

As políticas levadas a cabo nos últimos tempos por parte do Goberno galego parecen non compartir esta afirmación, por unha banda falase de apoio o sector ao mesmo tempo que se manifesta a vontade de dignificar o traballo das xentes do mar pero lamentablemente, por outra banda, estas pretensións do Goberno galego nada teñen que ver coa realidade que están a vivir as xentes do mar.

Un servizo básico e fundamental para o sector como é o salvamento marítimo, cada día observamos como se presta nunhas condicións que non garanten o seu correcto funcionamento. Especialmente a raíz dos últimos sucesos acontecidos na nosa comunidade que así o reflicten, o feito de facerse público que os Sikorsky S-76 C+, xubilados no ano 2012, segundo os argumentos da consellería do Medio Rural e do Mar, naquel momento, por obsoletos, e non adaptarse ás costas galegas, e para optar a aeronaves máis avanzadas tecnoloxicamente, están a ser utilizados por parte da empresa concesionaria coa aprobación da Xunta de Galicia.

Ao mesmo tempo que isto acontece o sector tamén se encontra abandonado en materia de prevención unha vez desaparecido o seguro do mal tempo. Por non falar ademais da supresión do seguro colectivo de accidentes no mar, que garante a cobertura de todos os profesionais do mar en caso de accidente. Por non falar ademais de que nos orzamentos deste ano no programa 723A Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, a partida de saúde e seguridade minorou ata os 335.000 euros fronte aos 900.000 do ano anterior.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a prevención e o salvamento marítimo son temas de máxima importancia, por iso presentamos a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Retomar de xeito inmediato as pólizas de seguros de accidentes no mar e a póliza de carácter voluntario do seguro do mal tempo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.º) Realizar unha modificación orzamentaria que permita no programa 723A Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, recuperar os niveis do ano 2017.

3º) Realizar as xestións necesarias para garantir o correcto funcionamento do servizo de salvamento marítimo, así como garantir a súa completa gratuidade derogando o decreto 130/2012.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2018 11:25:28

Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:25:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:25:50

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 33172(10/PNC-002713)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos que debe cumprir a botica de primeiros auxilios obrigatoria exixida na actualidade nas embarcacións da frota de baixura e a certificación anual da súa idoneidade

Publicación da iniciativa, 335, 11.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

Exposición de motivos:

Dende que por iniciativa da UE se ordenou a frota de baixura do noso país a levar un botiquín tipo C nas embarcacións, foron moitas as declaracións tanto do sector como da administración no sentido de modificar este requisito de forma que fose mais, sinxelo, accesible e menos custoso para as preto de 4000 embarcacións obrigadas a embarcación.

Si ben é certo que se eliminaron determinados medicamentos ou insecticidas que era obrigados ao principio da aplicación da norma a día de hoxe continúa sendo obrigatorio a utilización dun botiquín para estas embarcacións que supón un desenvolvemento importante para unha flota xa asfixiada economicamente e que ademais non se axusta as necesidades de seguridade para as que se supón que esta redactada a norma, un botiquín complexo de situar na propia embarcación, polas condicións das mesmas en moitos casos sen ponte, ademais da complexa utilización dalgúns dos compoñentes do mesmo .

A pesar dos compromisos da Xunta no sentido de xestionar esta modificación, e os acordos unánimes deste parlamento nesta e outras lexislaturas, a día de hoxe este problema continúa sen resolverse. Debemos engadir a complexidade o coste económico e de tempo que supón ademais que a certificación anual de idoneidade do botiquín teña que facerse no instituto social da Mariña, o que



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2018 18:27
Nº Rexistro: 33172
Data envío: 05/07/2018 18:27:26.775



obriga a un desprazamento importante xa que non todos os portos dispoñen dunha oficina cercana para pedir cita para a revisión e un novo desprazamento para a propia revisión. Entendemos que debería habilitarse un mecanismo mais sinxelo para a certificación anual. Bastaría con habilitar as farmacias para a certificación anual, xa que son estes os lugares onde se merca o botiquín .

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os trámites oportunos que permitan á flota de baixura reducir as esixencias do actual botiquín obrigatorio, así como a posibilidade de revisión anual dos mesmos nas farmacias do país.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2018 18:27
Nº Rexistro: 33172
Data envío: 05/07/2018 18:27:26.775



Julia Torregrosa Sañudo na data 05/07/2018 18:24:43

Paula Quinteiro Araújo na data 05/07/2018 18:24:52

Carmen Santos Queiruga na data 05/07/2018 18:24:58

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 34153(10/PNC-002779)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a actuación da Xunta de Galicia destinada a iniciar unha campaña de información sobre os métodos de eliminación do parasito anisakis, tanto nas lonxas e puntos de venda como a través de elementos especiais na corporación pública, co obxectivo de eliminar os prexuizos que as alarmas inxustificadas producen ao sector

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

Exposición de motivos:

Estamos asistindo a unha chuvia continua de novas sobre a presenza do anisakis no peixe fresco que se vende en Galicia, resulta cando menos curioso, observar como este tipo de información se repite de forma periódica, cando na realidade a situación non ten mudado en demasía nos últimos tempos, información ademais que obvia en moitos casos os procesos de cociñado que eliminan este parasito.

Ademais da información, estase a crear unha alarma aparentemente interesada enmarcada na campaña de deterioro da imaxe do pescado fresco salvaxe en favor do consumo do peixe conxelado ou procedente da piscicultura industrial.

Esta situación esta a provocar un descenso das vendas e dos prezos de determinadas especies sobre todo a pescada como denuncian os profesionais do sector, polo que compre unha actuación seria e determinada das administracións públicas, no sentido de completar a información que chega ao consumidor, así parece intencionada a omisión da falta de risco cando o peixe é cociñado a temperaturas superiores aos 60 graos, proceso que se da na maior parte das preparacións cociñadas do produto, como pode ser nos cociñados ao forno, a grella, cocido ou frito.



Neste sentido entendemos que a Consellería debe comezar canto antes unha campaña de información e defensa da calidade do produto fresco vendido nas lonxas galegas que inclúa información completa sobre os métodos para a eliminación do anisakis.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato unha campaña de información veraz sobre os métodos de eliminación do parasito, tanto nas lonxas e puntos de venda, como a través de elementos especiais na corporación pública, co obxectivo de eliminar os prexuizos que as alarmas inxustificadas producen ao sector.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 01/08/2018 13:13:23

Paula Quinteiro Araújo na data 01/08/2018 13:13:32

Luis Villares Naveira na data 01/08/2018 13:13:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 13:26
Nº Rexistro: 34153
Data envío: 01/08/2018 13:26:02.682



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 20.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 34214(10/PNC-002783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o impulso do Goberno galego para elaborar un plan de choque, antes de que remate o ano 2018, que determine as accións que hai que levar a cabo para evitar a caída de poboación ocupada no sector da pesca galega

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 10:02
Nº Rexistro: 34214
Data envío: 02/08/2018 10:02:20.107



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Xa cando se facían públicos os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para Galicia, os socialistas alertabamos da perda no sector pesqueiro de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reducíanse nun 21 %.

Esta cuestión foi tratada na Comisión de Pesca pero por toda resposta, o Goberno indicou que se debe a un problema demográfico, obviando, deste xeito todo tipo de responsabilidades sobre a cuestión e incluso votando en contra da elaboración dun plan para reducir esta tendencia.

Agora, acaban de se facer públicos os datos actualizados do segundo trimestre do ano, resultando para “Pesca e acuicultura”, un total de 14.200 persoas ocupadas, un 28 % menos respecto ao mesmo período do 2017. Trátase do valor máis baixo desde que existen datos rexistrados da EPA, que comezou no terceiro trimestre do ano 2009, onde se rexistraban un total de 23.800 persoas ocupadas no mar.

É difícil mirar cara adiante, e pensar na garantía do relevo xeracional na actividade. O estudo recente elaborado pola consultora SINERXIA PLUS, denominado *Enquisa sobre a situación sociolaboral e de contratación no sector da pesca en Galicia*, céntrase precisamente sobre esta cuestión e recolle o incremento das contratacións de persoas estranxeiras no mar. Así conclúe que, ante a dificultade para contratar persoas galegas, un de cada dous armadores recoñecen que máis da metade do seu persoal está formado por persoas estranxeiras.



Grupo Parlamentario

Isto é unha realidade que temos en Galicia, resultado das políticas dun goberno, no que o PP hai moito tempo que abandonou o sector. Un goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Desde o Grupo Socialista cremos que o Goberno debe analizar as causas do descenso constante no número de persoas ocupadas, para establecer unha proposta firme, de longo alcance, deixando a un lado as abordaxes ideolóxicas ou partidarias, e centrarse en obxectivos e instrumentos operativos que xeren acordos, os máximos posibles. É preciso comprometerse con medidas concretas e calendarizadas, con dotación de recursos e coa execución deles.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque antes de que remate o ano 2018, que determine as accións a levar a cabo para evitar a caída de poboación ocupada que sofre o sector da pesca galega, de acordo cos datos da Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2018, que reflicten o dato máis baixo dende o ano 2009.

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/08/2018 09:58:01

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2018 09:58:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2018 09:58:26